

O exame consta de 4 preguntas de 2,5 puntos: a primeira de resposta única e as tres seguintes con posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO FÍSICO EN ESPAÑA. (2,5 puntos)

Analice a seguinte nova:

Clima y Medio Ambiente

GAMBIO CLIMÁTICO · MEDIO AMBIENTE

EMERGENCIA CLIMÁTICA >

Crisis climática en España: las olas de calor se vuelven más intensas y los récords de calor diario se disparan

Aemet rastrea los impactos del calentamiento global en 2023, el segundo año más cálido registrado hasta ahora en el país

*Non só é que as **vagas de calor** en España sexan **cada vez máis duradeiras** -están medrando a un ritmo de tres días por década -e **extensas**- de media, afectan a tres provincias máis cada 10 anos-. Tamén están gañando en intensidade: 0,27 graos Celsius cada década, segundo o Informe sobre el Estado del Clima en España 2023, elaborado pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET). (...) E o protagonista principal desta historia é o **cambio climático**, que está facendo que medren as temperaturas medias e algúns extremos meteorolóxicos, como son as vagas de calor, pero tamén a acumulación de récords diarios de calor e as altísimas temperaturas do mar. (...) “os **10 anos máis cálidos da serie histórica**” **déronse no século XXI en España**. “Isto non é casual, este quecemento obsérvase en todo o planeta”, apunta o voceiro de AEMET. E está impulsado “fundamentalmente polo cambio climático” **xerado polo ser humano coas súas emisións de efecto invernadoiro**. (EL PAIS 30/05/2024, adaptado)*

Hai un sector da opinión pública que sostén que os veráns en España sempre foron calorosos polo que estas vagas de calor non deberían dar lugar a ningún tipo de alarmismo. Lendo o titular e o contido da nova, **elabore unha resposta argumentada** na que, partindo dalgunhas características xerais indiscutibles sobre o verán na área mediterránea, introduza novas consideracións que nos levan a un escenario de emerxencia climática. Nesta **resposta debe afondar nas razóns da frecuencia das vagas de calor indicando a relación entre o quecemento global, o cambio climático e a actuación humana. (2,5 puntos)**

PREGUNTA 2. SECTOR PRIMARIO. OS ESPACIOS RURAIS: IDENTIFICACIÓN DE PAISAXES AGRARIAS. (2,5 puntos)

Observe a fotografía e responda un destes dous apartados:

2.1. Identifique esta paisaxe agraria. Sinalo catro Comunidades Autónomas onde resulte significativa a súa expansión. Indique os factores físicos e humanos que a configuraron. Comente o grao de sustentabilidade do sistema que da lugar a esa morfoloxía agraria. **(2,5 puntos)**.

2.2. Explique os principios básicos da Política Agraria Común (PAC) e relacióneos con esta paisaxe. **(2,5 puntos)**.




PREGUNTA 3. ORDENACIÓN DO TERRITORIO NO ENFOQUE ECOSOCIAL. A POBOACIÓN ESPAÑOLA: ANÁLISE DA SÚA ESTRUTURA E DESEQUILIBRIOS. (2,5 puntos)

Observe o mapa e responda un destes dous apartados:

2.1. Relacione a distribución actual da poboación en España cos factores xeográficos e históricos que inflúen nese reparto. Compare as densidades do territorio español coas da “banana azul” europea e indique os contrastes existentes. **(2,5 puntos).**

2.2. Razoe a distribución da rede urbana española cos seus eixos principais facendo especial fincapé na área mediterránea. **(2,5 puntos).**



PREGUNTA 4. VOCABULARIO XEOGRÁFICO ESPECÍFICO. (2,5 puntos)

Defina cinco dos dez conceptos resaltados no seguinte texto, xustifique a súa elección e aporte un exemplo significativo da España actual. (0,5 puntos por concepto)

Os **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable** (ODS) representan unha chamada universal á acción para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar que as persoas gocen dunha maior **esperanza de vida**, saúde, paz e prosperidade. Dentro deste marco global, **municipios** e **comunidades autónomas** xogan un papel crucial, adaptando estes obxectivos aos seus ámbitos locais, promovendo a conservación medioambiental e protexendo a **paisaxe**.

Nun contexto mediterráneo como o español, ameazado por **aridez**, a sustentabilidade agrícola pasa por reducir prácticas intensivas e fomentar a **agricultura ecolóxica**. Son desafíos para unha España baleirada que se enfrenta a un **crecemento vexetativo** negativo propiciado polo **inverno demográfico** e a diminución da **poboación activa**.